



GUÍA DOCENTE DE **SEGUNDO INSTRUMENTO I-II**

ENSINANZAS SUPERIORES DE MÚSICA

TÍTULO SUPERIOR DE MÚSICA (ENSINANZAS REGULADAS POLO DECRETO 163/2015, DO 29 DE OUTUBRO E POLO
 DECRETO 171/2016, DO 24 DE NOVEMBRO)

1. IDENTIFICACIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN										
DISCIPLINA: SEGUNDO INSTRUMENTO I-II										
ESPECIALIDADE	Interpretación				ITINERARIO			Piano, Música Antiga (Clave, ICP)		
CARÁCTER	Obrigatoria				TIPO DE CLASE			Individual		
CURSOS	1º curso		2º curso		3º curso		4º curso		DEPARTAMENTO	
CUADRIMESTRES	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	Guitarra	
ECTS/CUAD.					1'5	1'5			Horas de clase semanais:	
									Observacións:	
									1h	

2. DESCRIPTOR E COMPETENCIAS	
DESCRITOR:	Adquisición de destrezas básicas para a interpretación musical cun segundo instrumento. Práctica da técnica instrumental e aprendizaxe do repertorio principal de nivel axeitado. Preparación para a interpretación en público, como solista ou formando parte dun grupo.
COÑECEMENTOS PREVIOS:	
RELACIÓN CON OUTRAS DISCIPLINAS:	
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS:	T1, T3, T6, T13, T15
COMPETENCIAS XERAIS:	X1, X3, X6, X8, X11, X13, X21, X24
COMPETENCIAS ESPECÍFICAS:	EI 1, EI5
Ver a listaxe de competencias e a súa descrición no Decreto 163/2015, do 29 de outubro e no 171/2016, do 24 de novembro	

3. OBXECTIVOS	
DESCRICIÓN	COMPETENCIAS RELACIONADAS
Adoptar unha posición axeitada do corpo respecto do instrumento, que posibilita e favoreza a acción do conxunto brazo, antebrazo, pulso, mans, dedos esquerdos sobre o diapasón, e dos dereitos sobre as cordas.	Todas
Coñecer as características e as posibilidades sonoras do instrumento para conseguir un perfeccionamento continuo da calidade sonora e saber empregalo, dentro das exigencias do nivel, tanto na interpretación individual como na de conxunto.	Todas
Interpretar un repertorio básico integrado por obras de diferentes épocas e estilos, dunha dificultade acorde a este nivel.	Todas

4. CONTIDOS



Percepción e desenvolvemento das funcións motoras que interveñen na execución guitarrística, e da súa adecuada coordinación.
Desenvolvemento da habilidade de cada man e da sincronización de ambas.
Desenvolvemento da distancia entre os dedos da man esquerda.
Principios xerais da dicitación guitarrística e o seu desenvolvemento, para expresar coa maior claridade as ideas e os contidos musicais.
Emprego das posibilidades tímbricas do instrumento.
Coñecementos básicos dos recursos da guitarra.
Aprendizaxe das formas de ataque na man dereita para conseguir progresivamente unha calidade sonora adecuada e realizar planos simultáneos.
Harmónicos naturais.
Adquisición de hábitos de estudo correctos.
Selección progresiva en canto ao grao de dificultade de exercicios, estudos e obras do repertorio guitarrístico.

5. METODOLOXÍA , ACTIVIDADES E TEMPORALIZACIÓN

ACTIVIDADE E DESCRICIÓN	CUALIDADE	TEMPORALIZACIÓN
Clases prácticas	Presenciais	Todo o cuatrimestre
Audicións	Presenciais	Todo o cuatrimestre
Traballo persoal	Non presenciais	Todo o cuatrimestre

6. AVALIACIÓN

A ensinanza é de carácter presencial e de asistencia obrigatoria. A avaliación é continua e o alumno/a disporá de dúas convocatorias por cuatrimestre, cada unha delas correspondente ordinaria e extraordinaria.

No caso da perda de avaliación continua, pola acumulación dun determinado número de faltas, segundo o protocolo aprobado polo centro, o alumno/a deberá realizar as probas correspondentes á “avaliación alternativa” e que son especificadas para tal fin na programación do cuatrimestre correspondente.

*Consultar os criterios de avaliación, ferramentas de avaliación e ponderacións nas programacións dos diferentes cuatrimestres da disciplina.